

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E AGADIC A TRAVÉS DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO PARA A CESIÓN DE ESPAZOS DE PROGRAMACIÓN ESCÉNICA

Santiago de Compostela, [data/sinatura dixital]

REUNIDOS

Dunha parte, don Antonio López Díaz, reitor da Universidade de Compostela (en adiante USC), actuando no seu nome e representación segundo o nomeamento efectuado polo Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG do 22 de marzo), e en virtude das facultades que lle confire o artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de Universidades, do 21 de decembro, e do artigo 82 do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da USC, con CIF Q1518001A, e domicilio na Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela.

Doutra parte, don Jacobo Sutil Nesta, na súa calidade de director da Axencia Galega das Industrias Culturais (no sucesivo Agadic), con NIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude do acordo do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicado no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).

EXPOÑEN

1 – Que, con data 30 de novembro de 2022, Agadic e a USC asinaron un Convenio de colaboración para a cesión de espazos de programación escénica, no cal se prevía a utilización de determinados espazos de titularidade e xestión de cada unha das partes pola outra.

2 – As partes desexan incluír no obxecto do convenio un novo proxecto escénico a realizar no Salón Teatro, como un dos espazos obxecto da cesión, e modificar os termos relativos á cláusula de transparencia e bo goberno, co fin de cumprir coas obrigas legais nesta materia, polo que subscriben a presente Addenda co fin modificar o Convenio asinado, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN DA CLÁUSULA PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Engádesse un novo apartado nos proxectos escénicos recollidos na Cláusula Primeira do Convenio de referencia, co seguinte contido:

“4- O Concerto “Fear of missing out” sobre saúde mental, que implica a cesión por parte da Agadic do uso do Salón Teatro para a representación do citado concerto, organizado pola Facultade de Psicoloxía da USC.”

SEGUNDA. MODIFICACIÓN DA CLÁUSULA TERCEIRA: OBRIGAS DAS PARTES

Engádesse un novo punto no apartado b) da Cláusula Terceira, “Obrigas da Agadic”, co seguinte contido:

“4- - A Agadic comprométese a ceder o Salón Teatro para a realización do Concerto “Fear of missing out”, sobre saúde mental, o día 25 de febreiro de 2023.

- A función terá lugar ás 20.00h.
- horario de montaxe será convido entre as partes en función das necesidades do espectáculo programado.”.

Modifícase o segundo punto do apartado “iii) Relación laboral dos traballadores implicados” dentro do apartado “c) Obrigas recíprocas”, que queda redactado como sigue:

- “O persoal técnico e artístico preciso para a execución da programación incluída no presente convenio dependerá única e exclusivamente da entidade promotora de cada programación (sendo Agadic promotora de “Shakespeare en Roma” e a USC do Festival Internacional de Teatro Universitario, do Festival USCénica e do Concerto “Fear of missing out”) tanto no eido laboral (contratación segundo a normativa laboral, obrigas coa Seguridade Social ou de carácter fiscal), como no de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo ou calquera outra obriga que derive da súa condición de empregador na súa relación laboral con este persoal.”.

Modifícase o apartado v, dentro do apartado “c) Obrigas recíprocas”, que queda redactado como sigue:

“v. O sistema de venda de entradas será definido pola entidade promotora de cada programación, sendo Agadic promotora de “Shakespeare en Roma” e a USC do Festival Internacional de Teatro Universitario, do Festival USCénica e do Concerto “Fear of missing out”.”

TERCEIRA: MODIFICACIÓN DA CLÁUSULA QUINTA: DISTRIBUCIÓN DE INGRESOS

Modifícase a Cláusula Quinta, que queda redactada como sigue:

“QUINTA: DISTRIBUCIÓN DE INGRESOS

A USC e a Agadic serán responsables e beneficiarios da explotación da billetería dos espectáculos que cada unha promova nos espazos cedidos. Sendo a recadación de “Shakespeare en Roma” para Agadic, como promotora, e a do Festival Internacional de Teatro Universitario, do Festival USCénica e do Concerto “Fear of missing out”, para a USC.”.

CUARTA: MODIFICACIÓN DA CLÁUSULA SEXTA: PROMOCIÓN E DIFUSIÓN

Modifícase o primeiro parágrafo da Cláusula Sexta do Convenio, mantendo sen variacións o resto da mesma, que queda redactada como sigue:

“SEXTA.- PROMOCIÓN E DIFUSIÓN

As partes comprométese a empregar os seus recursos, así como os que teñan dispoñibles de terceiros, para facilitar a difusión dos eventos, quedando acordado que toda publicidade e promoción de “Shakespeare en Roma” irá a cargo da Agadic, como

promotora, e a do Festival Internacional de Teatro Universitario, a do Festival USCénica e a do Concerto “Fear of missing out” a cargo da USC.”.

QUINTA: MODIFICACIÓN DA CLÁUSULA DÉCIMA: TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

Engádesse o seguinte parágrafo á redacción da Cláusula Décima do Convenio, mantendo sen variacións o resto da mesma:

“As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e máis o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.”

SEXTA: PUBLICIDADE E REXISTRO DA ADDENDA. CONSENTIMENTO PARA A PUBLICIDADE DE DATOS PERSOAIS

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase á inscrición da addenda no Rexistro de Convenio, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 1326/2006, do 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos nesta.

SÉTIMA: CONDICIÓNS

Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo, e entrará en vixencia coa súa sinatura.

En proba de conformidade de canto antecede subscriben o presente documento mediante sinatura dixital na data indicada.

Pola Axencia Galega das Industrias Culturais
O director (P.D. do 24 de xullo de 2012)

Pola Universidade de Santiago de Compostela
O reitor

Jacobo Sutil Nesta

Antonio López Díaz

